



VALDOVIÑO

ANUNCIO

Expte. 2026/E001/000006

SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓNS FORESTAIS PARA OBXECTO “LIMPEZA DE MONTES E XESTIÓN DE BIOMASA” APROL 2026.

Por decreto de Alcaldía núm. 294/2026 de data 12.06.2026, resolveuse a admisión na contratación antedita; sendo o contido literal do decreto o seguinte:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Expte:2025/E001/000006

Asunto: Selección para a contratación laboral temporal de catro peóns forestais para o obxecto “Limpeza de montes e xestión de Biomasa” APROL RURAL 2026

Ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026, pola que se establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro), este Concello solicita unha achega para a contratación de catro peóns forestais.

En data 21 de abril de 2026 recíbese a resolución na que se concede ao Concello de Valdoviño por importe de 67.820,12 €, equivalente aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal para a obra/servizo.

Vista a aprobación co número de decreto 277 de data 04.06.2026 no que se aproban as bases que rexen a antedita contratación e visto a recepción de solicitudes a través do INEM e a correspondente documentación do interesado/a

Esta Alcaldía, en uso das atribucións, conferidas en virtude do artigo 21 apartado g) da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Unha vez recibida a listaxe trasladada desde o Servizo Público de Emprego de Galicia para participar na selección para a contratación laboral temporal de catro peóns. Sinalase como data da proba da fase de oposición o **MARTES 16 DE XUÑO** de 2026: ás **10: HORAS E 30 MINUTOS** celébrase

a proba de oposición no **Campo de Fútbol Municipal de Atios, Avda de San Sadurniño s/n 15.550 - (detrás do colexio Atios, Valdoviño); CONVOCASE** aos aspirantes trasladados polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a súa realización; que acudirán provistos de documento que acredite a súa personalidade.

- Blanco Souto, Rafael, co dni ***4813**
- Blanco Vazquez, Miguel Angel, co dni ***2349**
- García Méndez, Juan Carlos, co dni ***4872**
- García Vergara, María Lourdes, col dni ***1784**
- García Villar, Jose Manuel, co dni ***5323**
- Guzmán Rodríguez, Borja, co dni ***1191**
- Rodríguez Clemente, Javier co dni ***9075**
- Sanles Bacelo, Tomás, co dni ***5374**
- Teijeiro Hermida, Luis, co dni ***6311**

SEGUNDO.- Vista a Base cuarta, punto 4º e letra d) será necesario a presentación do Celga 1 ou documento equivalente se fora o caso. Este requisito non é excluínte para a participación do proceso. Por todo isto, en caso de que superaran a proba de oposición deberán realizar a proba de galega sendo Apto ou Non Apto.

Os aspirantes que deben presentarse a proba de galego en caso de aprobar a fase oposición son:

- Blanco Vazquez, Miguel Angel, co dni ***2349**
- García Méndez, Juan Carlos, co dni ***4872**
- García Vergara, María Lourdes, col dni ***1784**
- García Villar, Jose Manuel, co dni ***5323**
- Guzmán Rodríguez, Borja, co dni ***1191**
- Teijeiro Hermida, Luis, co dni ***6311**

TERCEIRO. - Vista a Base oitava da convocatoria e conforme o disposto no artigo 60 o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en condición de alcalde do Concello de Valdoviño designo o Tribunal Cualificador para o devandito proceso selectivo:

Presidenta.- Carlota González Navarro, secretaria municipal do Concello de Valdoviño.

Suplente.- Cristina Garay Aguirre, Técnica Superior de Persoal no Concello de Arteixo

Secretaria.- Remedios Torres Regueiro (área estadística).

Suplente.- Manuel Larrosa Rodríguez, secretario-interventor no Concello de Ares.

Vogal Titular.- Juan Sánchez Balsa (conserxe do CEIP Plurilingüe de Atios),
funcionaria do Concello de Valdoviño .

Suplente.- Amparo Vilariño Estraviz, funcionaria do Concello de Valdoviño.

Persoal colaborador: María Lorena Vaamonde García (auxiliar administrativa
concello de Valdoviño)

Contra a composición deste Tribunal poderá presentar o escrito de recusación,
de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime
Xurídico do Sector Público.

O que se expón aos efectos oportunos.

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE/

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde, Alberto González Fernández.